

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025657	de Mugardos	Mugardos	2020/2021

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AGA	Agraria	CBAGA01	Agroxardinaría e composicións florais	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3054	Operacións auxiliares na elaboración de composicións con flores e plantas	2020/2021	6	135	162

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	PATRICIA BLANCO VIGO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional con código MP3054 capacita aos alumnos para realizar composicións florais cos seus correspondentes complementos decorativos, coñecendo e cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental correspondente.

O centro está localizado nunha zona cun pequeno número de pequenas empresas do sector, adicadas á floraría.

Este módulo acredita a cualificación profesional Actividades auxiliares en floraría, AGA342_1 (Real decreto 108/2008, do 1 de febreiro). Coas seguintes Unidades de competencia.

- UC1112_1: realizar operacións auxiliares de mantemento das instalacións, da maquinaria, dos equipamentos e das ferramentas de floraría.
- UC1113_1: recibir e acondicionar materias primas e materiais de floraría.
- UC1114_1: realizar traballos auxiliares na elaboración de composicións con flores e plantas.
- UC1115_1: atender e prestar servizos ao público en floraría.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Materias primas e elementos naturais para confeccionar composicións florais	Nesta primeira unidade darase a coñecer os diferentes produtos, materias primas e materiais necesarios para facer composicións florais e ornamentacións especiais con flores.	25	18
2	Técnicas de elaboración de composicións florais	Nesta unidade trallaranse as distintas técnicas utilizadas nas composicións florais	36	20
3	Diseño floral	Abordanranse os principios necesarios para realizar un diseño floral.	19	12
4	Montaxe e execución das composicións florais	Nesta unidade vanse dar as pautas para elaborar composicións florais, a súa execución, técnicas de presentación, embalaxe, transporte, etc.	46	30
5	Técnicas de venda dunha floraría, operacións administrativas e loxística.	Por último, nesta unidade falarase do negocio da floraría, provedores, clientes, etc.	36	20

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Materias primas e elementos naturais para confeccionar composicións florais	25

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Acondiona materias primas e elementos estruturais, en relación coas características do produto final	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Clasifícanse os materiais segundo a súa natureza ou tipoloxía, facendo referencia a eles polos nomes máis coñecidos e indicando o uso que se lles dá na floraría
CA1.2 Identifícanse os posibles danos en materias primas e materiais
CA1.3 Identifícanse as especies de flores e de plantas comercializadas habitualmente nunha floraría, e indicáronse os seus coidados básicos e as súas características específicas
CA1.4 Indicáronse as necesidades físicas e ambientais de almacenaxe de cada produto, materia prima e material para a súa óptima conservación e duración
CA1.5 Indicáronse as características básicas necesarias dos soportes, as bases e as estruturas
CA1.6 Identifícanse os tipos e as formas dos recipientes que poden formar parte de composicións florais ou de plantas, e enumeráronse as características principais que deben ter
CA1.7 Desempaquetáronse e limpáronse as flores logo de clasificadas
CA1.8 Sometéronse as flores a condicións físicas e tratamentos químicos ata alcanzar un grao de apertura específico
CA1.9 Cambiouse periodicamente a auga dos recipientes das flores e os verdes ornamentais almacenados
CA1.10 Retiráronse os envoltorios de protección non decorativos de flores ou plantas, para favorecer a oxixenación e previr enfermidades no material vexetal
CA1.11 Identifícanse os riscos inherentes á manipulación de materias primas e elementos estruturais
CA1.12 Realizáronse os labores tendo en consideración as normas de seguridade e hixiene laboral
CA1.13 Realizáronse os labores de separación de refugos segundo as normas de protección ambiental
CA1.14 Comportáronse de maneira axeitada e seguindo as normas establecidas

4.1.e) Contidos

Contidos
Normas de comportamento
ORiscos inherentes á manipulación de materias primas.
Normativa de prevención de riscos e hixiene laboral.
Normativa de xestión e tratamento de residuos.

Contidos

Especies máis comerciais de plantas e flores. Obtención de información actualizada.

Plantas e flores máis utilizadas: descrición, necesidades fisiolóxicas, temporadas de comercialización e venda.

Flores e plantas artificiais máis utilizadas.

Comprobación da calidade de flores e plantas.

Métodos para acelerar ou demorar a apertura das flores.

Pragas e enfermidades máis comúns das plantas e das flores, e medios de loita.

Produtos conservantes: cámara frigorífica.

Técnicas de manipulación da flor e a planta.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Técnicas de elaboración de composicións florais	36

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Confecciona composicións en floraría, relacionando forma, tamaño, color e volume das plantas, flores e verdes de corte ornamentais co tipo de composición que se vaia realizar	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Practicáronse as principais técnicas utilizadas na elaboración de composicións florais
CA2.5 Acondicionouse o soporte, a base, a estrutura e/ou o recipiente, enchéndoo do material (perlita, xel, terra, etc.) apropiado para o tipo de materia prima que vaia formar parte da composición floral
CA2.6 Manipuláronse as plantas, as flores e/ou os verdes ornamentais utilizando as técnicas de preparación máis axeitadas para cada traballo en particular
CA2.7 Practicouse o transplante e a preparación de substratos
CA2.8 Forráronse aros de coroa con cinta e con verdes
CA2.9 Preparáronse cabeceiros de coroa
CA2.10 Realizáronse os labores tendo en consideración as normas de seguridade e hixiene laboral
CA2.11 Realizáronse os labores de separación de refugos segundo as normas de protección ambiental

4.2.e) Contidos

Contidos
Destino e finalidade de cada tipo de composición.
Atadura.
Suxeición con aramios.
Forro e encintaxe.
Esponxas.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Diseño floral	19

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Confecciona composicións en floraría, relacionando forma, tamaño, color e volume das plantas, flores e verdes de corte ornamentais co tipo de composición que se vaia realizar	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.2 Utilizouse o soporte, a base, a estrutura e/ou o recipiente máis apropiado de entre os indicados como idóneos para a composición floral e/ou de plantas que se vaia realizar
CA2.3 Usáronse os complementos decorativos apropiados de entre os indicados para cada composición
CA2.4 Usáronse os elementos naturais apropiados de entre os indicados para o tipo de composición ou traballo que se vaia realizar, atendendo a criterios de duración e compatibilidade establecidos

4.3.e) Contidos

Contidos
Destino e finalidade de cada tipo de composición. Cor. Figuras xeométricas. Espiral.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Montaxe e execución das composicións florais	46

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Presenta produtos de floraría, xustificando a súa estética	SI
RA4 - Monta e desmonta decoracións con flores ou plantas naturais ou artificiais, en relación cos espazos onde se sitúan	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse texturas de materiais que se empregan para envolver produtos finalizados
CA3.2 Indícanse tipos de envoltorio e formas de presentación aplicables para cada composición de flores e/ou plantas en función da súa forma, o seu tamaño e os requisitos de entrega
CA3.3 Practícanse as técnicas que se usan con cada tipo de envoltorio para presentar flores e plantas sen confeccionar e para composicións de flores e/ou plantas naturais e/ou artificiais
CA3.4 Realízanse diferentes tipos de envoltorios, cortando e montando lazos, papeis e tecidos
CA3.5 Preparáronse caixas para regalo con flores
CA3.6 Elaboráronse lazos con dedicatoria para as composicións de flores e plantas
CA3.7 Practícanse as técnicas de pegado, grampaxe e atadura
CA3.8 Valoráronse os criterios estéticos fronte aos funcionais
CA3.9 Realízanse os labores tendo en consideración as normas de seguridade e hixiene laboral
CA3.10 Realízanse os labores de separación de refugos segundo as normas de protección ambiental
CA4.1 Practícanse as composicións con flores e/ou plantas que se instalan en espazos concretos (coches nupciais, igrexas, escenarios, etc.)
CA4.2 Practícanse as técnicas de montaxe, desmontaxe e transporte dos materiais que se empregan en decoracións de flores e/ou plantas específicas atendendo á súa tipoloxía
CA4.3 Identifícanse as pezas que compoñen un traballo unitario e os traballos terminados dunha decoración de flores ou plantas
CA4.4 Identifícase o estado das flores e/ou plantas naturais e/ou artificiais empregadas na decoración
CA4.5 Realízanse traballos con base a esbozos e bosquejos de decoracións florais
CA4.6 Localízanse os puntos de colocación de flores e/ou plantas en diferentes espazos
CA4.7 Operouse con orde e limpeza na montaxe e na desmontaxe de decoracións de diferentes características e dificultades compositivas
CA4.8 Substituíronse materiais, materias primas e/ou produtos defectuosos ou en mal estado, sen cambiar o aspecto final do traballo
CA4.9 Citáronse os criterios estéticos e a súa evolución histórica

Criterios de avaliación
CA4.10 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais
CA4.11 Realizáronse os labores tendo en consideración as normas de seguridade e hixiene laboral
CA4.12 Realizáronse os labores de separación de refugos segundo as normas de protección ambiental

4.4.e) Contidos

Contidos
Tipos de envoltorios. Empaquetaxe e presentación: técnicas e aplicacións. Técnicas de pegado, grampaxe e atadura. Preparación de caixas e lazos de flores. Relación entre espazo e decoración. Técnicas de montaxe e desmontaxe. Interpretación de esbozos e bosquejos de decoración. Normativa sobre saúde laboral e prevención de riscos. Normativa sobre xestión de residuos e protección ambiental.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Técnicas de venda dunha floraría, operacións administrativas e loxística.	36

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados da elaboración de composicións con flores e plantas	SI
RA6 - Atende o público, caracterizando e aplicando as técnicas de comunicación e de resolución de conflitos	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Caracterízase o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para o desenvolvemento da elaboración de composicións con flores e plantas
CA5.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito na elaboración de composicións con flores e plantas
CA5.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coa elaboración de composicións con flores e plantas
CA6.1 Practicáronse as técnicas de comunicación
CA6.2 Identificouse a tipoloxía da cliente e as súas necesidades de compra
CA6.3 Informouse a clientela para satisfacer as súas necesidades de compra de produtos e/ou servizos de floraría
CA6.4 Informouse dos servizos e dos produtos ofrecidos en floraría en función da ocasión ou do acontecemento para o que se destine
CA6.5 Informouse sobre os medios de pagamento
CA6.6 Manexáronse os catálogos e manuais en papel, informatizados ou en calquera outro soporte
CA6.7 Cubriuse e arquivouse o correspondente albará de encarga cos datos necesario
CA6.8 Finalizouse a operación de venda calculando o importe correspondente da encarga e emitindo xustificantes de pagamento
CA6.9 Utilizáronse os argumentos adecuados ante as obxeccións formuladas pola clientela
CA6.10 Describíronse practicado as técnicas utilizadas para afrontar queixas e reclamacións da clientela
CA6.11 Identificouse o proceso ante unha reclamación

4.5.e) Contidos

Contidos
A persoa emprendedora na elaboración de composicións con flores e plantas.
Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación na elaboración de composicións con flores e plantas.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada coa elaboración de composicións con flores e plantas.
Técnicas de comunicación.

Contidos

0 Procedemento de recollida das reclamacións ou queixas presenciais e non presenciais.

Técnicas na resolución de reclamacións.

Lexislación galega de protección das persoas consumidores

Lei xeral de defensa dos consumidores e dos usuarios.

Lei Orgánica de protección de datos.

Variables que inflúen na atención á clientela.

Servizos e produtos ofertados en floraría.

Clasificación de composicións florais e de plantas: pola súa natureza, pola súa forma, polo seu destino, etc.

Ocasións e eventos.

Medios de pagamento.

Listas de prezos, catálogos, manuais de servizo, guías, mapas de rúas, planos e mapas. Mapas e GPS na rede.

Tipos de formularios: albarás, notas de pedido, etc.

Operación de venda. Terminais punto de venda. (TPV). Arqueamento de caixa.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles aparecen contemplados no apartado 4.c) desta programación:

Criterios de cualificación:

Todas as probas serán cualificadas de 0 a 10, de xeito que o alumno ou alumna obterá a avaliación positiva no módulo se obtén unha cualificación maior ou igual a 5 logo de facer as ponderacións das probas tal e como se establen a continuación:

- Probas obxectivas escritas/prácticas e ou orais :40%
- Cualificación dos traballos e tarefas de floraría realizados 60% :Tendo en conta o grao de exución das tarefas 35%, mantemento das ferramentas e zona de traballo 10%, iniciativa destreza e actitude 7,5% e aplicación das normas medioambientais e de protección 7,5%

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Asignaránse unha serie de actividades de recuperación, con indicación expresa da data final en que serán avaliados. Durante este período traballaranse os resultados de aprendizaxe non acadados e os conceptos non asimilados. Unha vez realizado este proceso o alumno/a deberá demostrar que acadou os contidos mínimos esixibles, mediante a realización dunha proba escrita e práctica. Para superar o módulo o alumnado debe acadar un 5 sobre 10 nesta proba.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Segundo o artigo 20.5 da Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas, a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo non lle será de aplicación ao alumnado de ciclos formativos de formación profesional básica en idade de escolarización obrigatoria.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Entregárase ao xefe de departamento un informe de seguimento da programación para avaliar o desenvolvemento da mesma. Tamén fánanse reunións co equipo docente da parte específica para realizar unha posta en común para a coordinación dos módulos e evolución que levan. Ao finalizar cada trimestre fázase unha enquisa ao alumnado para valorar a práctica docente.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A través da observación do alumno/a e das actividades desenvolvidas durante as primeiras semanas do curso, coñecerase o perfil do alumnado co que se vai a traballar. As observacións realizadas serán: Actitudes, habilidades académicas, necesidades de reforzo ou ampliación e adaptación á clase.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Medidas de atención á diversidade; Trátase de detectar casos de alumno/as que requiran unha atención especial referente ao seu proceso de aprendizaxe. Tamén contaremos con información despois da avaliación inicial do alumnado con diferentes necesidades de atención ou de apoio. Adaptaránse as actividades por parte da profesora para o alumnado que o precise. Si fose necesario solicitarase flexibilización modular.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O profesor traballará os seguintes temas transversais en relación coa actividade profesional que están realizando, e engadirá aqueles que poidan xurdir durante o curso en función do grupo e momento.

- a) Igualdade efectiva entre home e muller: no grupo de clase como no ámbito profesional, constatase un predominio numérico das mulleres adicadas ao sector da floraría; é importante neste senso concienciar aos alumnos da importancia do respecto mutuo entre ambos xéneros e do principio de igualdade retributiva por traballo de igual valor.
- b) Concienciación medio ambiental, faremos fincapé especialmente na recollida selectiva de residuos, orde e limpeza dos postos de traballos e no medio ambiente. Ademais da consideración importante do uso de produtos fitosanitarios que se deben empregar no sector.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Visita dunha florista ao noso centro.

10. Outros apartados

10.1) Metodoloxía

En canto a metodoloxía, a maioría das tarefas e dos contidos propostos nas unidades didácticas subiránse ao Classroom para que o alumnado poida ter acceso en calquera momento. Os recursos dixitais serán utilizados na maioría das actividades. Este módulo é complicado para que o alumnado adquira moitas das habilidades de forma telemática, pois non contaría cós recursos e materiais necesarios, pero no caso que fose necesario algunhas das actividades prácticas explicaríanse a través de vídeos.

Traballaranse por proxectos os distintos tipos de arranxos florais: Outono, Halloween, Defuntos, Nadal, San Valentín,...